



# IIIPLAN ESTRATÉXICO EDUCACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E CIDADANÍA GLOBAL



2018/2020

Ecos do Sur

**ECOS DO SUR**

Avd de Finisterre N° 109

881965692

[www.ecosdosur.org](http://www.ecosdosur.org)

## 1. INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos a ONGD Ecos do Sur tivo un crecemento importante tanto no seu equipo humano coma nas súas infraestruturas e do ámbito xeográfico operativo no territorio nacional.

Con esta Planificación Estratéxica 2018-2020 dende Ecos do Sur preténdese dar continuidade as planificación expostas nos Plans Estratéxicos anteriores no ámbito da educación ao desenvolvemento e a activación social no período comprendido entre 2011 e 2017. No presente ano a entidade encontrase nun período de transición e consolidación cun proceso de renovación e fortalecemento interno, tanto a nivel de órgano de goberno, dirección, como equipo técnico, co que se pretende abordar mellor os novos retos aos que se enfrenta a ONGD na súa acción social.

Neste senso, dende a entidade preténdese nesta nova etapa reforzar as liñas de acción nas que amosou un mellor desempeño técnico e de impacto social nos últimos anos. Unha destas liñas foi a de activación social, onde se desenvolveron novos proxectos dirixidos a mellorar a cohesión social concienciando a diferentes sectores da poboación na diversidade e introducindo novas narrativas entorno aos dereitos humanos que contrarresten o impacto dos discursos discriminatorios

Así mesmo, fomentouse a participación social a través distintos proxectos de concienciación, formación e educación con importantes resultados no ámbito do asociacionismo inmigrante, da promoción da interculturalidade, o codesenvolvemento e a loita contra o odio, a xenofobia e o racismo. A pesares de ditos resultados, é preciso centrar as liñas estratéxicas a futuro que debe seguir a organización no ámbito da Educación para o Desenvolvemento.

Así, como consecuencia dos procesos de reflexión no ámbito da organización, identificouse un plan de carácter estratéxico centrado na *Educación para o Desenvolvemento e cidadanía global*, para asentarse unhas bases aínda máis sólidas e compartidas.

O establecemento das liñas estratéxicas máis adecuadas supuxo un proceso de toma de decisións, que nos permitiu definir y seleccionar as que consideramos as alternativas máis idóneas á historia, experiencia e posibilidades da ONGD.



Ecos do Sur é unha ONGD galega, independente, aconfesional e sen ánimo de lucro. Foi constituída como Asociación o 14 de Agosto de 1.991 a iniciativa dun grupo de cidadáns da comarca de A Coruña que constataban expresamente o a situación crítica na que se atopaban os países en vías de desenvolvemento. Por iso constituíron a Asociación Ecos do Sur có fin de acadar unha maior solidariedade e coñecemento entre os pobos desenvolvidos e menos desenvolvidos.

Ecos do Sur traballa por procesos, baixo as directrices da Norma UNE-EN-ISO 9001:2008, certificado externamente por AENOR nos servizos de orientación laboral, asesoramento e información, no programa socio-sanitario e no Centro de Información e Asesoramento o Inmigrante, abrangendo os procesos de: acollida, orientación e intermediación laboral, selección e xestión de ofertas de emprego, asesoramento e intervención social, asesoramento e intervención xurídica, programa de prevención e control de enfermidades transmisibles (no que se desenvolve a mediación intercultural).

A organización ten coma ámbito xeográfico de actuación o internacional. No área de Inmigración, realizamos o noso traballo fundamentalmente en Galicia e Madrid, aínda que tratamos de ampliar a prestación dos nosos servizos ao ámbito nacional, desenvolvendo as seguintes áreas sociais:

### ÁREA DE INFORMACIÓN E ACCESO A DEREITOS:

Este área conta cos seguintes servizos:

- **Acollida:** Se encarga de facer a primeira entrevista a todas as persoas usuarias que se achegan á

organización. Nesta entrevista se detectan todas as necesidades da persoa beneficiaria e se lle explican todos os nosos servizos, derivándoo aos mesmos ou a outros externos, no caso de non poder prestar a axuda que precise. Tamén se da o primeiro asesoramento en temas básicos como o empadramento, a obtención da tarxeta sanitaria ou lugares para buscar emprego, así coma recursos sociais.

- **Traballo Social:** Informa ás persoas usuarias da organización das prestacións e recursos sociais aos que poden acceder. Informa, asesora, orienta, e axuda nas tramitacións, realiza informes sociais, acompaña e intervéen nas situacións necesarias, para favorecer a integración social do colectivo.
- **Centro de Información e Atención ao Inmigrante (CIAI):** A función deste servizo é a prestación de asesoramento xurídico, principalmente relacionado con estranxeiría e procesos administrativos. Asemade de atender ás persoas usuarias da entidade, este servizo tamén recibe multitude de consultas, a través do teléfono e correo electrónico, de centros sociais, concellos e de diferentes entidades públicas e privadas, en asuntos relacionados coa inmigración e a emigración retornada.
- **Programa Sociosanitario:** Traballa fundamentalmente no Programa de Prevención en Enfermidades Transmisibles (Tuberculose, VIH-SIDA,...), no que se levan a cabo accións de información, realización de probas (Mantoux), derivación e acompañamento ás diferentes unidades médicas. No caso preciso realízanse outras tarefas coma mediación sanitaria, sobretudo nos casos de grandes diferenzas culturais e lingüísticas ou nos casos de

problemas de acceso ao sistema sanitario.

- **Área de Saúde Mental:** Traballa na atención psicolóxica individualizada, na creación de terapias de grupo e talleres de desenvolvemento persoal.

## **ÁREA DE CODESENVOLVEMENTO, COOPERACIÓN E EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO:**

No área de Cooperación ao Desenvolvemento. Ata o ano 2000 traballouse en proxectos de desenvolvemento puntuais en diferentes partes do mundo, como a Construción dun forno-muíño para procesar alimentos en Perú ou a Rehabilitación dunha granxa de vacún e compra de gando en Bangladesh. A partir do ano 2000 centrámonos no desenvolvemento dunhas zonas rurais concretas de Mozambique, a 30 Km. da capital Maputo (aldeas de Mahelane, Massaca,...), país que acababa de sufrir unhas terribles inundacións e de padecer décadas dunha cruenta guerra civil. Decidimos traballar cunha contraparte con experiencia e seriedade contrastable sobre o terreo, Casa do Gaiato. Desenvolvéronse durante cinco anos dende Campañas de Saneamento e loita contra o cólera, pasando pola Construción de centros infantís e de ensino (Escola "Felisa Otero") ata a construción dun Centro de Transformación da Soia para dar emprego na zona e mellorar a dieta das zonas rurais nas que traballamos, sumando casi unha veintena de proxectos cunha inversión total de máis de 500.000 €.

Outro aspecto importante da cooperación foi o envío de Axuda Humanitaria, con alimentos, roupa, medicamentos, útiles, etc. enviados a Mozambique, e de carácter máis puntual a Honduras e Chad.

No período 2008-2010 estivemos colaborando en pequenos proxectos no

Chad, en colaboración coa ONGD ADANE-Cantabria.

Tamén en 2010 colaboramos no cine-fórum sobor do Documental "Elas son ... África" co motivo do Día Internacional de África, coa pretensión de achegarnos á realidade da muller africana, tanto a través da proxección coma da charla posterior cunha muller africana (iniciativa organizada por Fundación CEAR, Ecos do Sur, Solidaridad Internacional, IPADE, CGAI y AECID).

No ano 2011 desenvolveuse un proxecto europeo, "Opción + Futuro" que fomentaba a formación con asociacións xuvenís de países africanos para fomentar unha migración positiva e establecer intercambios de boas prácticas para plantear alternativas á migración dende o emprendimento social. O proxecto foi coordinado por ADTR (entidade portuguesa) e Ecos do Sur, coa participación de asociacións de Mozambique, San Tomé e Príncipe, e Cabo Verde. O proxecto tiña como obxectivo reducir os impactos negativos da migración na poboación máis xoves. Este proxecto abriu nos nosos países novas oportunidades de intervención nestes países que esperamos materializar no futuro.

No ano 2012 empezouse un proxecto de educación ao desenvolvemento "Entre Nos" para fortalecer o tecido asociativo inmigrante na Comunidade Autónoma de Galicia, para que as persoas inmigrantes residentes na nosa Comunidade poidan ser protagonistas de iniciativas para fomentar o desenvolvemento tanto en orixe coma en destino. O proxecto executado por Ecos do Sur tivo como beneficiarias a asociacións de inmigrantes das asociacións de inmigrantes e durante a súa execución tivo a participación e colaboración de outros axentes como Universidade de A Coruña, ESOMI, Rede Galega contra a Trata, Fundación CEPAIM, ACOBE.

No mesmo 2012 executouse un proxecto de codesenvolvemento “*Tann sa Yoon*” (Elixe o teu Camiño) que tiña coma obxectivo contribuír á redución do impacto negativo das migracións froito de desinformación en orixe. Por unha banda realizouse unha campaña de sensibilización e información sobre o proceso migratorio con senegaleses/as que estaban pensando o preparando o seu proceso migratorio irregular a Europa desde Senegal co fin de que reflexionen antes de tomar a decisión (en colaboración coa ONG senegalesa ASLCII -Asociación Senegalesa de Loita Contra a Inmigración Ilegal) e, pola outra, informar e asesorar a persoas senegalesas residentes en A Coruña sobre a existencia de asesoramentos en materia de emprendemento social, microcréditos, e planes de empresa tanto nos países de orixe coma en destino, para fomentar a creación de proxectos produtivos en Senegal e que sexan substitutivos do envío de remesas tradicionais e como unha vía alternativa ao proceso migratorio.

No ano 2013 deuse continuidade ao proxecto Entre-Nós coa súa segunda edición, Entre-Nós II, que se estendeu ata o ano 2014, centrándose fundamentalmente o traballo nas entidades de persoas inmigrantes de A Coruña e Lugo. En 2015 logrouse desenvolver un proxecto agrupado coa Universidade da Coruña que deu continuidade ás aprendizaxes obtidas nos proxectos Entre-Nós a través da investigación “Asociacionismo migrante en Galicia. Lazos transnacionais e codesenvolvemento desde unha perspectiva de xénero”. Esta alianza abriu unha nova perspectiva na Educación para o Desenvolvemento de Ecos do Sur, participando na investigación académica como ferramenta para planificar novas accións neste ámbito.



## ÁREA DE ACTIVACIÓN SOCIAL:

Nesta área desenvólense diferentes accións e proxectos da entidade relacionados coa participación social e a cidadanía activa, o voluntariado, mellora das comunidades locais e fortalecemento de asociacións. Neste senso, desenvolvemos proxectos como o Proxecto AGRA CIVIS para o fomento da cidadanía activa no barrio do Agra do Orzán ou Proxecto DICSE para promover a ferramentas de democracia dixital na cidadanía europea. Así mesmo levamos a cabo proxectos como SOMOS ECOS de promoción do voluntariado, principalmente o xuvenil.

## ÁREAS TRANSVERSAIS

En Ecos do Sur existen unha serie de áreas que actúan dunha maneira máis transversal nas diferentes actividades e servizos da entidade, que son as seguintes:

- **Mediación Intercultural:** A función principal é a de acercar posturas, tratar a resolución de conflitos ou simplemente no entendemento das dúas partes implicadas: o/a acolledor/a e o/a acollido/a. A figura do/a mediador/a intercultural é importante como intérprete de linguas e linguaxes, tanto verbais como non verbais.
- **Sensibilización:** Realízase a través de campañas de concienciación, charlas, actividades con nenos, educación para o desenvolvemento, organización de xornadas, mesas redondas, etc.
- **Comunicación:** Accións de comunicación externa do traballo da ONGD mediante prensa, redes sociais e páxina Web.

- **Calidade:** Desenvolvemento do sistema de xestión de calidade baseado na norma UNE EN ISO 9001:2008.
- **Administración e Contabilidade:** Procesos de xestión administrativa e seguimento financeiro e contable das accións da entidade.



### 3. OBXECTO E ACTIVIDADES.

Segundo se establece nos estatutos da entidade, despois da revisión e aprobación de xuño de 2013, o obxecto da asociación é:

a) Apoiar aos países con menor grado de desenvolvemento e a aqueles outros que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade e desestructuración para que alcancen un desenvolvemento autosostido, respectuoso co medio e a biodiversidade e mobilizador de recursos endóxenos, dentro dun marco democrático, de participación das comunidades afectadas e de respecto a todos os seus dereitos humanos.

b) Potenciar os recursos humanos e materiais deses pobos, prestando unha especial atención ás novas tecnoloxías, para así reforzar a súa estruturaprodutiva e favorecer o seu desenvolvemento non dependente.

c) Contribuír á xustiza e equidade nas relacións comerciais, políticas e estratéxicas na comunidade internacional, contempladas desde a

prevención de conflitos sociais e as súas causas e o fomento do diálogo intercultural.

d) Atender ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que requiran da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ao restablecemento institucional.

e) Impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre todas as persoas.

f) Promover a sensibilización das institucións de cara a unha aproximación progresiva da porcentaxe que as respectivas entidades públicas destinan a políticas de cooperación ao mínimo ético do 0,7 % dos recursos propios.

g) A concienciación na sociedade sobre as problemáticas que sofren os refuxiados, inmigrantes, emigrantes retornados e outros colectivos en risco de exclusión social, así como a axuda para conseguirla súa inserción e promoción na sociedade a todos os niveis, incidindo preferentemente nos colectivos con maior risco: mulleres e vítimas de xénero, vítimas de trata nas súas diferentes vertentes de explotación, infancia e xuventude, poboación reclusa e ex-reclusa, parados de longa duración e outros.

h) Promoción das Novas Tecnoloxías, Educación Medioambiental, Desenvolvemento Sostible e do Emprendimento Social nos colectivos citados anteriormente e na sociedade en xeral.

i) O estudo e a investigación da realidade social.

Para acadar estes fins, a Asociación poderá levar ó cabo, entre outras actividades, as seguintes:

a) Proxectos e actividades de cooperación ao desenvolvemento, envío de axuda humanitaria e de apoio económico e técnico a organizacións locais de países con menor grado de desenvolvemento ou de países que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade e desestructuración.

b) Actividades de sensibilización, como a organización de congresos, xornadas, conferencias, cursos, encontros, así como programas formativos e divulgativos específicos.

c) Traballo con refuxiados, inmigrantes, emigrantes retornados e outros colectivos en risco de exclusión social, prestándolles servizos de información xeral, asesoramento xurídico, orientación e intermediación socio-laboral, atención sociosanitaria, formación para a integración e ocupacional, intervención social, acompañamento social, mediación intercultural, entre outros.

d) Deseño e execución de proxectos de desenvolvemento e emprendimento social.



## 4. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

### Misión:

- Promover a integración e participación de colectivos vulnerables ou en risco de exclusión social, fundamentalmente o migrante.
- Mellora-las condicións de vida dos países con menos posibilidades de desenvolvemento, facilitando o acceso aos recursos tanto no Norte coma no Sur baixo os preceptos de igualdade de oportunidades.

### Visión:

- Ser un referente na creación e execución de accións eficientes e innovadoras de inclusión e cooperación, asumindo un papel activo na transformación social para construír unha sociedade máis cohesionada, comprometida co desenvolvemento sostible e equitativa desde o recoñecemento da súa diversidade.

### Valores:

- Compromiso Social, entendido como o noso alto grado de implicación na solución de

distintas problemáticas e necesidades sociais detectadas na sociedade.

- Profesionalidade, entendida como a nosa capacidade para ser o máis eficientes posibles prestando a maior calidade posible nas nosas accións.
- Independencia, entendida como a nosa capacidade para tomar decisións sobre as nosas actuacións máis aló de calquera influencia relixiosa, política ou ideolóxica.

## 5. O PROCESO DE PLANIFICACIÓN

O proceso de planificación deste Plan iniciouse a finais de 2014 coa constitución dun comité de planificación formado pola dirección e tres persoas do equipo técnico. O comité tivo o apoio dun consultor externo que axudaba a dinamiza-las reunións.

O proceso de planificación seguiu as seguintes fases:

- **Fase I:** Definición e Planificación do Proceso.
- **Fase II:** Análise de grupos de interese. Valores e misión.
- **Fase III:** A recollida de información. Análise histórico e análise interno.
- **Fase IV:** Recollida de información. Análise do entorno e elaboración do DAFO.
- **Fase V:** As prioridades estratéxicas, a Visión e os Obxectivos Estratéxicos.
- **Fase VI:** Redacción do Plan Estratéxico e Comunicación.

Durante o proceso de planificación decidiuse, que ante o estado actual de

consolidación dos proxectos da ONGD despois dun período de crecemento, e o proceso de renovación de membros da xunta directiva e dirección para aborda-la nova etapa, era convinte desenvolver unha planificación estratéxica de Educación para o Desenvolvemento a dous anos, para o exercicio 2016 e 2017, como transición de cara a unha planificación posterior que leve á entidade cara o horizonte 2020.



## 6. ANÁLISE DAFO

Tras realizar un análise DAFO podemos extraer a seguinte información:

### Debilidades:

- Definición das competencias e responsabilidades do persoal.
- Descoñecemento de criterios para a toma de decisión.
- Mellorar a comunicación e coordinación do equipo multidisciplinar.
- Facer un seguimento exhaustivo dos proxectos e comunicalo a todo o persoal.
- Involucrar a todo o persoal na busca de financiamento.
- Falta de seguimento e rexistro das reunións.
- Priorizar a calidade fronte a cantidade na atención.



- Realizar un análise de postos de traballo ca fin de mellorar a distribución de tarefas e cargas laborais.
- Falta de retroalimentación (cargos – equipo técnico).
- Non existe un plan de formación continua articulado.
- Satisfacción expresa dos clientes principais: financiadores, persoas usuarias, persoal de prácticas, voluntariado, persoal técnico da entidade.
- Traxectoria da entidade e prestixio ante as Institucións Galegas.

### Ameazas:

- Dependencia financeira das Administracións. Problemas de liquidez cando hai retrasos nos cobros.
- Incremento da burocratización nos proxectos.
- Invisibilidade da positividade da migración e da cooperación ao desenvolvemento en tempos de crise económica.
- Prensa sensacionalista sobor do colectivo.
- Volume alto de xente que precisa atención especializada.

### Fortalezas:

- Equipo multidisciplinar moi especializado en contacto coa realidade.
- Flexibilidade e versatilidade do persoal e da entidade.
- Experiencia do persoal técnico.
- Alianzas estratéxicas con outras entidades do Terceiro Sector.
- Desenvolver as potencialidades das persoas que forman parte do equipo (voluntariado, remunerado, alumnado en prácticas).
- Boa representatividade nas principais redes de entidades do terceiro sector de Galicia.
- Sistema de xestión de Calidade.

### Oportunidades:

- Globalización dos procesos migratorios.
- Convocatorias de fondos europeos que promoven a internacionalidade, interrexionalidade e a multiculturalidade.
- Ampliación do ámbito de actuación coa delegación de Madrid.
- Potenciación do traballo en rede e as colaboracións con outras entidades.
- Mellorar a formación do persoal e do voluntariado.
- Implicar á xente nova a través do voluntariado, das prácticas, sensibilizando a poboación co colectivo e co traballo da entidade.
- Avance da Responsabilidade Social Corporativa.
- Fomento de proxectos de economía social xeradores de recursos de autofinanciación a través de Ad-Ecos Emprendimento Social.

## 6. PROPOSTA DE VALOR DE ECOS DO SUR.

1. Despois dun proceso de crecemento continuo nos últimos anos, a ONGD Ecos do Sur iniciou

un proceso de consolidación e asentamento das liñas de actuación desenvolvidas, o que vai posibilitar afronta-lo futuro con maiores garantías de éxito na súa acción social.

2. Ecos do Sur conta cun gran potencial humano tanto no equipo técnico contratado, como no voluntariado e persoal colaborador, formando un equipo multidisciplinar con una gran diversidade profesional (sociólogos/as, psicóloga/s, licenciados/as en dereito, educadores/as sociais, traballadores/as sociais, psicopedagogos/as, mestres, economistas, Integradoras etc.), un forte compromiso social e unha importante adicación. Isto xera que a entidade, ademais de cumprir cos seus fins sociais, teña unha gran capacidade resolutiva ante as dificultades.
3. Ecos do Sur é unha entidade en crecemento (ampliou espazos na cidade de A Coruña e abriu a delegación en Lugo e Madrid). A pesar da crise, o 90% dos servizos que prestamos a entidade lograron manterse no mesmo nivel que en anos anteriores, e incluso incrementarse.
4. Ecos do Sur mantense como unha entidade innovadora en canto ás súas propostas de acción e proxectos. Proxectos como “Emprégate Xa” para a inserción sociolaboral de colectivos en risco de exclusión social, o proxecto “Entre Nos” de fortalecemento e xeración de

axentes de codesenvolvemento nas asociacións de inmigrantes incidiron nas causas de distintas problemáticas sociais para levar a cabo solucións reais ás mesmas ou o proxecto CibeRespect.

5. Ecos do Sur aposta por desenvolver a súa área de Cooperación ao Desenvolvemento a través de ámbitos como o Codesenvolvemento, a Educación para o Desenvolvemento e cidadanía global, activación social e participación cidadá o emprendemento social ou o fortalecemento dos axentes locais de desenvolvemento nos países do Sur.
6. Despois duns anos de aprendizaxe en proxectos de financiación comunitaria, actualmente conta cunha consolidación neste tipo de proxectos que posibilita tamén que sexa unha entidade convidada a participar actualmente en distintos consorcios europeos, o que posibilita unha maior amplitude no impacto social das súas accións.

## 7.-LIÑAS DE ACCIÓN PARA O PERÍODO 2018-2020.

**Liña de acción 1:** Reforzamento do Área de Cooperación internacional e Educación ao desenvolvemento e cidadanía Global

**Obxectivo 1:** Centrar o esforzo en proxectos de cooperación ao

desenvolvemento de Ecos do Sur na formación, empoderamento e promoción da educación para o desenvolvemento en axentes sociais e organizacións locais de desenvolvemento nos Países do Sur, potenciando fundamentalmente áreas como o emprendemento social, a xestión organizativa e a xestión por proxectos nos países do Sur.

#### **Accións:**

- Realizar mapas de necesidades para o empoderamento das organizacións locais de desenvolvemento nos países do Sur, principalmente nos que Ecos do Sur conta con colaboradores (Mozambique, Cabo Verde, San Tomé e Príncipe, Senegal).

-Levar a cabo proxectos formativos nos países do Sur dirixidos a membros de organizacións locais.

-Desenvolver proxectos de concienciación e capacitación que teñan coma obxecto contribuír a redución do impacto negativo das migracións froito da desinformación en orixe, con especial atención ás nacionalidades e/ou a aqueles países de orixe que actúan como potenciais emisores de fluxos migratorios irregulares e fluxos de persoas vítimas de trata de seres humanos.

**Obxectivo 2:** Levar a cabo proxectos de educación para o desenvolvemento e cidadanía global que impliquen ao colectivo inmigrante e ao seu tecido asociativo na posta en marcha de proxectos sociais e de Codesenvolvemento nas súas comunidades locais de orixe, fomentando unha cooperación bidireccional que beneficie ás comunidades locais de orixe e de acollida.

#### **Accións:**

- Promover a presenza e participación das persoas inmigrantes na vida social e pública da sociedade de acollida.

- Formar e potenciar ás asociacións de inmigrantes da nosa sociedade en materia de xestión, captación de recursos, planificación e desenvolvemento de proxectos sociais.

-Poñer en marcha proxectos de Codesenvolvemento entre asociacións de inmigrantes, tecido asociativo da sociedade de acollida e organizacións dos países do Sur.

**Obxectivo 3:** Diseñar intervencións e accións formativas, de educación formal como non formal, que promovan o xurdimento dunha sociedade civil con conciencia crítica, comprometida e activa co mundo que a rodea, ofrecendo unha perspectiva global que se materialice de forma local.

#### **Accións:**

-Promover accións concretas de solidariedade cos máis desfavorecidos partindo dunha perspectiva baseada nos dereitos das persoas.

-Impulsar a Educación ao Desenvolvemento ou Educación para a Cidadanía Global nos distintos ámbitos da sociedade, concretamente na contorna educativa, como unha ferramenta imprescindible para unha verdadeira transformación social.

-Desenvolver na xuventude o sentido crítico e a súa autonomía para un mellor exercicio da súa liberdade, propiciando que poidan construír o seu propio referente e que en base a el poidan actuar en consecuencia.

-Potenciar a coherencia e o sentido de corresponsabilidade.

-Estimular aos mozos e mozas para que, en función das súas capacidades, intereses e motivacións, poidan participar activamente na súa contorna social inmediato.

**Obxectivo 4:** Incrementar o traballo en rede e a colaboración con outros axentes para a elaboración de proxectos de cooperación, educación ao desenvolvemento e investigación:

**Accións:**

-Asinar Convenios de colaboración para a execución de proxectos de cooperación internacional, codesenvolvemento e educación ao desenvolvemento e a cidadanía global.  
-Fomentar as propostas de proxectos de investigación con Universidades no ámbito das migracións e desenvolvemento.

**Liña de acción 2:** Novas fontes de financiamento

**Obxectivo 1:** Potenciar a busca de financiamento privado por parte de todo o persoal técnico da entidade:

**Accións:**

-Concienciar ao persoal técnico da necesidade da súa participación na busca de convocatorias de proxectos.  
-Formar internamente na busca de financiamento.



**Obxectivo 2:** Acceder a proxectos de financiamento Europeo:

**Accións:**

-Presentarse coma entidade xestora e ou coordinadora en convocatorias europeas.  
-Acreditarse coma entidade participante nas convocatorias europeas nas que sexa necesario.  
-Establecer contactos con entidades con posibilidades de traballar a nivel europeo co fin de presentar proxectos comúns.

**Obxectivo 3:** Incrementar o impacto de intervención de Ecos do Sur no ámbito das migracións e da exclusión social:

**Accións:**

-Incrementar el número de servicios prestados a colectivos de inmigración y exclusión social.  
-Executar proxectos que fomenten o emprendimento social nos colectivos en exclusión social.

**Liña de Acción 3:** Fortalecemento do Activo Humano de Ecos do Sur

**Obxectivo 1:** Mellorar a formación do persoal da entidade.

**Accións:**

-Promoción da formación do persoal nas áreas nas que atopáronse debilidades e novos retos: proxectos europeos, calidade, cooperación ao desenvolvemento e codesenvolvemento, traballo en equipo, e xestión do tempo, entre outras.

**Obxectivo 2:** Desenvolver o potencial dos recursos humanos da entidade.

**Accións:**

- Xestión do coñecemento da entidade aproveitando os recursos humanos cós que contamos.
- Análise dos postos de traballo co fin de redistribuír as cargas laborais.

**Liña de Acción 4:** Transmisión de Valores á Sociedade

**Obxectivo 1:** Promove-lo diálogo entre cidadáns de diversas culturas baseado na igualdade, o respecto á diversidade e o respecto mutuo.

**Accións:**

- Desenvolver actividades de promoción cultural de colectividadeas inmigrantes residentes nas nosas comunidades.
- Organizar xornadas formativas, encontros, debates para promove-la interculturalidade e a diversidade.
- Levar a cabo accións de sensibilización educativa nos centros escolares que promovan valores interculturais.
- Organizar unha mostra fotográfica sobre a diversidade cultural.
- Promover accións de formación non formal coas asociacións de inmigrantes para amosa-las distintas culturas existentes na nosa sociedade.

**Obxectivo2:**

Loitar contra manifestacións xenófobas ou xeradoras de odio xenófobo na nosa sociedade a través de potenciar o activismo social e ciberactivismo na sociedade.

**Accións:**

- Participar en redes con entidades especializadas no activismo e ciberactivismo.
- Organizar xornadas formativas, encontros, debates para promove-la interculturalidade e a diversidade.
- Levar a cabo accións de sensibilización educativa nos centros escolares que promovan valores interculturais.
- Desenvolver campañas baseadas en linguaxes dixitais e virais para maximizar o impactos da sensibilización dende unha perspectiva local-global.
- Utilizar medios audiovisuais para traballar a diversidade cultural.
- Promover accións de formación non formal coas asociacións de inmigrantes para amosa-las distintas culturas existentes na nosa sociedade.



